

Orde do 2 de abril de 2025 pola que se amplía o crédito existente para a concesión das axudas previstas na Orde de 30 do marzo de 2022, pola que se convocan subvencións para a transformación de frota de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas privadas prestadoras de servizos de transporte por estrada, así como de empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do Compoñente 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2022, 2023 e 2024 (códigos de procedemento IF318B, IF318C, IF318D, IF318E e IF318F).



O día 1 de abril de 2022 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Orde 30 do marzo de 2022, *pola que se convocan subvencións para a transformación de frota de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas privadas prestadoras de servizos de transporte por estrada, así como de empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do compoñente 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2022, 2023 e 2024 (códigos de procedemento IF318B, IF318C, IF318D, IF318E e IF318F).*

A finalidade da dita Orde é convocar as axudas na Comunidade Autónoma de Galicia, en desenvolvemento das bases reguladoras recollidas no Real decreto 983/2021, do 16 de novembro, que aproba a concesión directa ás comunidades autónomas e ás cidades de Ceuta e Melilla de axudas para a transformación de frota de transporte de viaxeiros e mercadorías de

empresas privadas prestadoras de servizos de transporte por estrada, así como de empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (BOE núm. 275, do 17 de novembro).

Este programa de incentivos busca acelerar os investimentos claves para a sustentabilidade do transporte, coa fin de impulsar melloras no sector. Desta maneira, pretende favorecer a descarbonización e a mellora do aire nas cidades mediante a renovación das frotas de vehículos.

As axudas obxecto da mesma están financiadas polo Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, a través das contías asignadas nos Orzamentos Xerais de cada ano ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, ao estar este programa incluído no Compoñente 1 do PRTR.

De conformidade co Anexo II do Real decreto 983/2021, do 16 de novembro, mediante a Resolución da Secretaría do Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda urbana do 11 de decembro de 2021 concedeuse á Comunidade Autónoma de Galicia unha subvención por importe de 12.818.438€, reservándose 384.553,14€ para custos indirectos imputables segundo se prevé no artigo 7 do citado Real Decreto.

Ao financiamento destas actuacións destináronse 12.433.884,86€, con cargo á aplicación orzamentaria 09.02.512A.770.0 dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os exercicios 2022, 2023 e 2024, que podía ser ampliado mediante resolución da persoa titular da Secretaría de Estado do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, de acordo co previsto no artigo 7.8 do Real decreto 983/2021, do 16 de novembro.

Constatado que o importe das solicitudes presentadas superou amplamente a cobertura orzamentaria inicialmente disposta, solicitáronse para a comunidade autónoma de Galicia, mediante dous escritos do Director Xeral de Mobilidade, con datas do 8 de agosto de 2022 e 14

de marzo de 2023, respectivamente, dúas sucesivas ampliacións do crédito do programa de axudas para a transformación de frota por un importe total de 16.649.235,56 €.

Mediante a Resolución do 17 de novembro de 2022 da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana concedeuse á Comunidade Autónoma de Galicia a 1ª ampliación da subvención regulada no Real Decreto 983/2021, do 16 de novembro, por un importe de 7.574.288,47 €. A segunda ampliación, por valor de 9.074.947,09€, aprobouse a través da Resolución do 17 de agosto de 2023 da Secretaría de Estado de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

Unha vez efectuadas estas dúas ampliacións, o importe total destas axudas ascendeu a 29.467.673,56€. Tendo en conta a previsión do artigo 6.2 do Real decreto 983/2021, do 16 de novembro, que prevé o destino de ata o 3% do crédito a custos indirectos imputables ás actuacións subvencionables, o importe destinado ás axudas é de 28.583.643,36€.

O artigo 4.3 da Orde do 30 de marzo de 2022 dispón que no caso de que o orzamento do programa sexa ampliado, publicarase dito incremento do crédito polos mesmos medios que a convocatoria, isto é, no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web da Dirección Xeral de Mobilidade. De conformidade co exposto, as dúas ampliacións do orzamento foron publicadas, respectivamente, na Orde do 9 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 10, do 16 de xaneiro de 2023) e na Orde do 19 de outubro de 2023 (DOG núm. 204, do 26 de outubro).

Posteriormente, e de conformidade co recollido no artigo 4.2 da Orde reguladora das axudas, constatando que quedaban menos de tres meses para a finalización da vixencia da convocatoria (o 30 de abril de 2024) e que na actividade 1 (achatarramento) existía listaxe de agarda e o resto das partidas orzamentarias non esgotaron o crédito asignado, acordouse unha redistribución do orzamento a favor da liña de achatarramento, quedando sen efecto as porcentaxes establecidas no artigo 7.4 do Real Decreto 983/2021, do 16 de novembro. Os criterios para esta

redistribución recóllense na Orde de 6 de marzo de 2024 (DOG nº 54, de 15 de marzo de 2024) e a concreción do importe finalmente asignado á mesma na Resolución de 22 de marzo de 2024.

A citada redistribución do crédito realizouse atendendo ao importe correspondente ao conxunto de solicitudes formuladas para cada unha delas ata o día anterior ao de publicación da Orde do 6 de marzo de 2024, é dicir, ata o 14 de marzo de 2024. Deste xeito, tendo en conta que as solicitudes formuladas para a actividade 1 superaban o importe total dispoñible, aquelas que se presentaron con posterioridade ao 14 de marzo de 2024 para calquera das cinco actividades pasaron a unha listaxe de espera común.

Trala publicación do Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG Núm. 101, do 27 de maio), a Dirección Xeral de Mobilidade integrouse no organigrama da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

Por medio de Resolución do Secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sostible, do 5 de abril de 2024, estableceuse un novo prazo para a solicitude de ampliación de orzamento por parte das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla, tras observar a existencia dun remanente do crédito a nivel estatal para estas axudas unha vez que finalizou o prazo inicial para as peticións de incremento orzamentario.

O Secretario de Estado de Transportes e Mobilidade Sostible, resolveu, con data de 14 de xuño de 2024, outorgar á Comunidade Autónoma de Galicia una ampliación do orzamento dispoñible para estas axudas por valor de 1.358.883,13 €. Esta ampliación foi aprobada pola Orde de 24 de outubro de 2024 (DOG nº 211, do 31 de outubro).

Deste xeito, actualmente, a dotación orzamentaria distribúese da seguinte maneira entre as distintas actividades (detráído o importe correspondente ao 3% de custos indirectos):

Actividade	Partida orzamentaria	Crédito (€)
------------	----------------------	-------------

Actividade 1	2025.05.08.512A.770.0	20.175.650,03
Actividade 2	2025.05.08.512A.770.0	9.726.109,66
Actividade 3	2025.05.08.512A.770.0	0,00
Actividade 4	2025.05.08.512A.770.0	0,00
Actividade 5	2025.05.08.512A.770.0	0,00

Posteriormente a través do Título IV do Real Decreto-Lei 4/2024 de 26 de xuño, *polo que se prorrogan determinadas medidas para afrontar as consecuencias económicas e sociais derivadas dos conflitos en Ucraína e Oriente Próximo e se adoptan medidas urxentes en materia fiscal, enerxética e social* acordouse unha nova ampliación do crédito do programa por importe de 50.000.000€, se ben neste caso financiándose con cargo ao estado de gastos dos Presupostos Xerais do Estado do ano 2024. A Comunidade Autónoma de Galicia, mediante escrito do 1 de xullo de 2024 da directora xeral de Mobilidade, solicitou a ampliación do crédito conforme o disposto no Real Decreto-Lei.

De acordo coa Orde do 10 de outubro de 2024 do Ministro de Transportes e Mobilidade Sostible concedéronselle á Comunidade Autónoma de Galicia **4.005.992,37 €**. Dos anteriores **120.179,77€** correspóndense con custos indirectos. O saldo restante (**3.885.812,60 €**) destínase ó financiamento das actividades subvencionables.

De acordo co exposto, e de conformidade coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento,

DISPOÑO

Artigo único. Ampliación de crédito

Ampliar o importe total do crédito das axudas establecidas na *Orde do 30 do marzo de 2022, pola que se convocan subvencións para a transformación de frota de transporte de viaxeiros e mercadorías de empresas privadas prestadoras de servizos de transporte por estrada, así como de*

*empresas que realicen transporte privado complementario, no marco do compoñente 1 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, xestionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana para os anos 2022, 2023 e 2024 (códigos de procedemento IF318B, IF318C, IF318D, IF318E e IF318F), publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 64, do 1 de abril, por un importe de **4.005.992,37 €**.*

O 3% do importe, **120.179,77 €**, destinarase a custos indirectos (2025.05.08.512A.640.0), polo que o saldo restante, **3.885.812,60 €** xerarase na aplicación orzamentaria 2025.05.08.512A.770.0 orzamento de gastos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para o ano 2025.

O incremento orzamentario será destinado á cobertura da listaxe de agarda existente, que a partir das solicitudes presentadas dende o 15 de marzo de 2024, é conxunta para as cinco actividades das que se compón a convocatoria.

Unha vez efectuada esta ampliación, o importe total destas axudas ascende a **34.832.549,06 €**.

Disposición final. *Entrada en vigor*

Esta Orde entrará en vigor o día hábil seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2025

O Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes

Diego Calvo Pouso